

## **BASES REGULADORAS PROVISIONAIS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DE TORDOIA 2024**

### **1. DENOMINACIÓN**

**“Concurso de disfraces Entroido de Tordoia 2024”**

### **2. OBXECTIVOS**

Celebración do Entroido, festa típica da nosa comunidade autónoma, o noso concello pretende consolidar dita celebración ano tras ano cunha programación de varias actividades onde destaca o concurso de disfraces que se celebra o martes de Entroido.

### **3. CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O importe dos premios previstos nestas bases imputarase a cargo á partida 338.480.00 con gasto por importe de 920 euros.

### **4. DOCUMENTACIÓN ADICIONAL A PRESENTAR POLOS CONCURSANTES**

Na solicitude de participación deberá indicarse no apartado de documentación adicional:

1. Nome do disfrace.
2. Indicacións da música que necesitan ou se achegan a propia

### **5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para a presentación de solicitudes rematará 1 hora antes da data e hora de celebración do concurso.

Unha vez se entreguen os dorsais e se inicie o concurso xa non se poderán facer inscricións.

Non se poderá participar en 2 categorías distintas no concurso. Quen se inscriba e participe en 2 ou máis categorías quedará descalificado/a en todas as categorías nas que se presentara.

Para aclaracións ou dúbidas en canto ás solicitudes para o concurso, poden poñerse en contacto co Ximnasio Municipal no 618226667 sempre dentro do prazo establecido.

## **6. OBRIGAS ADICIONAIS DOS CONCURSANTES**

A hora prevista do concurso será ás 17:30h (no pavillón polideportivo), a continuación os participantes desfilarán ou actuarán dependendo de cada quen diante do xurado no interior do pavillón de deportes para proceder a súa valoración.

A música para as actuacións é preciso presentala ou indicala no momento da inscrición.

A recollida do dorsal realizarase o día do concurso no pavillón polideportivo de 16:30 a 17:00h, será obrigatorio recoller o dorsal nese horario para poder participar no concurso. As actuacións ou postas en escena diante do xurado terán un máximo de duración de 3 minutos.

## **7. PREMIOS**

### CATEGORÍA INFANTIL INDIVIDUAL (MENORES DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 80 euros
- Segundo premio: 50 euros
- Terceiro premio: 30 euros

### CATEGORÍA PERSOAS ADULTAS INDIVIDUAL (A PARTIR DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 80 euros
- Segundo premio: 50 euros
- Terceiro premio: 30 euros

### CATEGORÍA GRUPO INFANTIL (2 OU MÁIS PERSOAS MENORES DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 150 euros
- Segundo premio: 90 euros
- Terceiro premio: 60 euros

## CATEGORÍA GRUPO ADULTO (2 OU MÁIS PERSOAS E UNHA DELAS MAIOR DE 16 ANOS)

- Primeiro premio: 150 euros
- Segundo premio: 90 euros
- Terceiro premio: 60 euros

### **8. ÓRGANO INSTRUTOR**

Concellería de Cultura e Deportes

### **9. COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará integrado por 3 persoas, compoñentes de diferentes asociacións do Concello de Tordoia:

- ANPA do CPI Pecalama
- Escolas Deportivas O Dolmen de Tordoia.
- Asociación de mulleres Pedralonga

### **10. CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Valorarase a orixinalidade, laboriosidade e deseño do disfrace así como a simpatía ou a posta en escena de cada participante, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

### **11. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A inscrición e participación neste concurso implica a total aceptación destas bases.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

No non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 38/2003 de Subvencións, a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Regulamento Xeral de Subvencións, Lei das Bases do Réxime Local e Lei de Facendas Locais.



## CONCELLO DE TORDOIA.- (A

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.:

Mándao e asíno a Concelleira de Cultura e Deporte en Tordoia a vinte e catro de febreiro de dous mil vinte e catro, do que eu Secretaria dou fe.

A Concelleira de Cultura e Deportes,

Dona M<sup>a</sup> del Mar García González